

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10026 *Lei orgánica 2/2016, do 31 de outubro, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, para o suposto de convocatoria automática de eleccións en virtude do disposto no número 5 do artigo 99 da Constitución.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, non previu ningunha especialidade para a celebración de eleccións por aplicación do número 5 do artigo 99 da Constitución, no caso de disolución das cámaras polo transcurso do prazo de dous meses desde a primeira votación de investidura sen que o Congreso outorgase a súa confianza a un candidato.

A convocatoria de eleccións como consecuencia deste suposto débese considerar como unha situación especial do noso sistema constitucional e débese dispor dunha regulación específica no réxime electoral. Para isto é factible recorrer a trámites xa utilizados no proceso electoral inmediatamente anterior, así como simplificar e reducir determinados prazos do procedemento. O espírito desta modificación da Lei orgánica do réxime electoral xeral responde a esta idea básica.

En primeiro lugar, a duración do proceso electoral redúcese respecto da duración das eleccións convocadas como consecuencia da terminación do mandato de catro anos ou como consecuencia do exercicio da facultade de disolución das cámaras que a nosa Constitución atribúe ao presidente do Goberno. Se para estas eleccións a duración do proceso electoral é de cincuenta e catro días, fixados a partir do día da convocatoria, para as eleccións convocadas como consecuencia do número 5 do artigo 99 da Constitución, a duración diminúe nunha semana, o que supón un proceso electoral de corenta e sete días de duración. Esta duración é plenamente conforme coas duracións mínimas e máximas establecidas no número 6 do artigo 68 da Constitución para as eleccións ao Congreso dos Deputados.

Para reducir a duración do proceso electoral optouse por acurtar o tempo previsto para a campaña electoral, que se limita a oito días, en vez dos quince establecidos para os procesos ordinarios. En consecuencia, é imprescindible tamén adiantar os prazos previstos para a designación de representantes e administradores, comunicación de coalicións e presentación de candidaturas.

Tal diminución do tempo da campaña xustifícase pola idea de que nestas eleccións, convocadas de forma automática de acordo co número 5 do artigo 99 da Constitución, os candidatos non necesitan o mesmo tempo para realizar as actividades destinadas á captación de sufraxios.

Por outro lado, establécese unha serie de medidas que facilitarán o novo proceso electoral, entre as cales se encontran o mantemento das anteriores xuntas electorais e a posibilidade de comunicar o mantemento dos representantes e dos administradores dos partidos, federacións e coalicións que concorreron ás anteriores eleccións xerais. De igual forma, considerarase que os avais presentados polas formacións extraparlamentarias para poder presentar candidaturas nas eleccións inmediatamente anteriores seguen valendo

para as novas eleccións e non necesitarán volverse presentar. Así mesmo, os electores residentes no estranxeiro que solicitasen o voto nas anteriores eleccións non necesitarán reiterar a súa solicitude.

Tamén, en coherencia co acurtamento da campaña electoral, redúcense de maneira significativa as cantidades relativas ás subvencións por gastos electorais que perciben as formacións políticas con representación parlamentaria por cada voto ou escano obtido e o límite dos gastos electorais en que poden incurrir as formacións electorais para estes comicios.

En definitiva, a presente lei orgánica regula as especialidades do procedemento que se debe seguir nas eleccións ao Congreso dos Deputados e ao Senado que se celebren como consecuencia da disolución das cámaras prevista no número 5 do artigo 99 da Constitución, mediante a introdución dunha nova disposición adicional na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

Engádesse unha nova disposición adicional sétima á Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima.

1. No suposto de eleccións a Cortes Xerais como consecuencia do disposto no número 5 do artigo 99 da Constitución, o real decreto de convocatoria expídese ao día seguinte da finalización do prazo de dous meses, contados a partir da primeira votación da investidura. Este real decreto publícase o mesmo día da súa expedición e entra en vigor o mesmo día da súa publicación. O real decreto de convocatoria sinala a data das eleccións, que se deberán celebrar o día cuadraxésimo sétimo posterior á convocatoria.

2. Para o procedemento electoral resultante desta convocatoria resulta de aplicación o disposto na presente lei orgánica, coas seguintes especificidades:

a) As xuntas electorais provinciais e de zona constituiranse o día seguinte ao da convocatoria e a súa composición será idéntica á que tivesen no momento da finalización do seu mandato. Se este non finalizou, entenderase prorrogado e esa prórroga considerárase, para todos os efectos, como un novo nomeamento.

b) Os partidos políticos, federacións e coalicións designarán por escrito, ante a Xunta Electoral Central, un representante xeral, nos cinco días seguintes á convocatoria.

Seguirán no exercicio das súas respectivas funcións os representantes xerais e os representantes das candidaturas en cada unha das circunscricións que aceptasen a súa designación para as eleccións inmediatamente anteriores a Cortes Xerais, de acordo co artigo 168 desta lei orgánica. Para iso, nos cinco días seguintes á convocatoria, partidos, federacións e coalicións presentarán un escrito de mantemento das designacións ante a Xunta Electoral Central.

No mesmo prazo de cinco días seguintes á convocatoria, os partidos, federacións e coalicións comunicarán á Xunta Electoral Central os cambios nos nomeamentos de representantes xerais e representantes das candidaturas en cada unha das circunscricións.

No prazo de dous días, a Xunta Electoral Central comunica ás xuntas electorais provinciais correspondentes o mantemento dos representantes das candidaturas, os cambios que se producisen ou, de ser o caso, os novos nomeamentos. Os novos representantes deberán aceptar a súa designación de acordo co disposto no artigo 168 desta lei orgánica.

c) As agrupacións de electores e os partidos, federacións ou coalicións que non obtivesen representación parlamentaria en ningunha das cámaras non necesitarán obter de novo as sinaturas que exige o número 3 do artigo 169 desta lei

orgánica para presentar candidaturas cando xa as presentasen para as eleccións inmediatamente anteriores a Cortes Xerais e o número de sinaturas válidas superase o número exixido.

d) Os partidos e federacións que establezan un pacto de coalición para concorrer conxuntamente ás eleccións deben comunicalo á Xunta Electoral Central ou á Xunta Electoral Provincial se o ámbito da coalición se reduce á circunscrición, nos cinco días seguintes á convocatoria. No caso en que se desexe manter nos mesmos termos o pacto de coalición co cal se concorreu ás eleccións xerais inmediatamente anteriores, bastará con comunicar expresamente esa vontade mediante escrito dirixido á Xunta Electoral Central ou á Xunta Electoral Provincial se o seu ámbito se reduce á circunscrición.

e) As candidaturas, subscritas polos representantes dos partidos, federacións e coalicións ou polos promotores das agrupacións de electores, preséntanse ante a Xunta Electoral Provincial entre o oitavo e o décimo terceiro día posterior á convocatoria.

Neste mesmo prazo, os representantes e os promotores poderán manifestar mediante escrito dirixido á Xunta Electoral Provincial a súa vontade de manter as candidaturas presentadas para as eleccións a Cortes Xerais inmediatamente anteriores. Co escrito de mantemento das candidaturas débese achegar a declaración de aceptación da candidatura mantida, así como os documentos acreditativos das súas condicións de elixibilidade.

No caso de que se presenten novas candidaturas ou se modifiquen nalgún aspecto as candidaturas presentadas para as eleccións a Cortes Xerais inmediatamente anteriores, os representantes deberán presentar, no prazo a que alude o parágrafo primeiro da presente letra, o escrito de presentación de cada candidatura nos termos a que alude o artigo 46 da presente lei orgánica.

Nas circunscricións en que, de acordo co disposto no artigo 162 da presente lei orgánica, o número de deputados que se vaia elixir cambiase respecto das eleccións inmediatamente anteriores a Cortes Xerais, os representantes das candidaturas non poderán presentar o escrito de mantemento de candidaturas e deberán presentar, no prazo previsto no parágrafo primeiro da presente letra, o escrito de presentación de cada candidatura nos termos a que alude o artigo 46 desta lei orgánica.

f) As candidaturas presentadas, así como as expresamente mantidas de acordo co disposto na letra anterior, deben ser publicadas o décimo quinto día posterior á convocatoria.

g) As xuntas electorais provinciais realizan a proclamación de candidatos o día vixésimo posterior á convocatoria.

h) As candidaturas proclamadas deben ser publicadas o vixésimo primeiro día posterior á convocatoria.

i) A campaña electoral, que empezará o día trixésimo oitavo posterior á convocatoria, dura oito días. Porén, o envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral poderá realizarse a partir do día trixésimo primeiro posterior á convocatoria.

j) A campaña electoral remata, en todo caso, ás cero horas do día inmediatamente anterior á votación.

k) Unha vez solicitado o voto por correspondencia, a Oficina do Censo Electoral remitirá as papeletas e os sobres electorais por correo certificado ao elector, xunto co resto da documentación a que se refire o número 2 do artigo 73 da presente lei orgánica, a partir do vixésimo sétimo posterior á convocatoria e antes do sexto día anterior ao da votación.

l) De acordo co disposto no artigo 75 desta lei orgánica, os españois inscritos no censo dos electores residentes-ausentes poderán formular, mediante impreso oficial, a solicitude de voto dirixida á correspondente Delegación Provincial do Censo Electoral, non máis tarde do vixésimo quinto día posterior á convocatoria.

m) Entenderase válida e non requirirá que volva ser formulada para o novo proceso electoral a solicitude aceptada pola Oficina do Censo Electoral que os españois inscritos no censo dos electores residentes-ausentes no estranxeiro formulasen para as eleccións a Cortes Xerais inmediatamente anteriores, sempre que eses españois sigan inscritos no censo de electores residentes-ausentes vixente para as novas eleccións.

n) As delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral realizarán o envío a que alude o número 2 do artigo 75 da presente lei orgánica non máis tarde do vixésimo sétimo día posterior á convocatoria, naquelas provincias onde non fose impugnada a proclamación de candidatos e, nas restantes, non máis tarde do trixésimo quinto día posterior á convocatoria.

ñ) Os prazos regulados nas letras l) e n) resultan tamén de aplicación para os electores españois que se encontran temporalmente no estranxeiro e cuxo procedemento de votación se regula mediante o Real decreto 1621/2007, do 7 de decembro, polo que se regula un procedemento de votación para os cidadáns españois que se encontran temporalmente no estranxeiro.

o) O recurso contra a proclamación de candidaturas e candidatos previsto no número 5 do artigo 49 desta lei orgánica poderase interpor ata o cuadraxésimo día posterior á convocatoria. A sala especial do Tribunal Supremo deberá resolver nos dous días seguintes á interposición do recurso. O amparo ante o Tribunal Constitucional deberá solicitarse o día seguinte e o Tribunal Constitucional deberá resolver sobre el nos dous días seguintes.

p) Non será de aplicación a previsión do número 2 do artigo 71 desta lei orgánica e, en consecuencia, non se posporá a confección das papeletas correspondentes á candidatura contra a cal se interpuxese recurso na circunscrición correspondente.

q) A Xunta Electoral Central poderá acordar a prórroga ou a redución dos prazos establecidos no número 2 da presente disposición adicional, de forma excepcional e mediante acordo motivado, e sempre que isto favoreza o exercicio do dereito de sufraxio con plenas garantías.

r) As entregas aos representantes das candidaturas das copias do censo de residentes en España realizaranse entre os días vixésimo oitavo e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, e as do censo de electores residentes-ausentes que viven no estranxeiro, entre os días trixésimo quinto e trixésimo sexto despois da convocatoria, coa información das solicitudes de voto dispoñible ata o trixésimo cuarto día posterior á convocatoria.

s) A distribución do tempo gratuíto de propaganda electoral en cada medio de comunicación de titularidade pública e nos distintos ámbitos de programación que estes teñan redúcese á metade do previsto no baremo do artigo 64 desta lei orgánica.

t) De acordo co disposto no artigo 174 desta lei orgánica, os representantes xerais dos partidos políticos, federacións e coalicións designarán por escrito, ante a Xunta Electoral Central, un administrador xeral, antes do sétimo día posterior á convocatoria. Da mesma forma, os respectivos representantes designarán por escrito, ante as xuntas electorais provinciais, os administradores das candidaturas no acto de presentación destas. As xuntas electorais provinciais comunicarán á Xunta Electoral Central os administradores designados na súa circunscrición.

Seguirán no exercicio das súas respectivas funcións os administradores xerais e os administradores das candidaturas en cada unha das circunscricións que aceptasen a súa designación para as eleccións inmediatamente anteriores a Cortes Xerais, de acordo co artigo 174 desta lei orgánica. Para iso, nos dez días seguintes á convocatoria, partidos, federacións e coalicións presentarán un escrito de mantemento das designacións ante a Xunta Electoral Central.

No mesmo prazo de dez días seguintes á convocatoria, os partidos, federacións e coalicións comunicarán á Xunta Electoral Central os cambios nos nomeamentos

de administradores xerais e das candidaturas en cada unha das circunscricións. A continuación, a Xunta Electoral Central comunicará ás xuntas electorais provinciais correspondentes o mantemento dos administradores das candidaturas, os cambios que se producisen ou, de ser o caso, os novos nomeamentos.

u) Para a determinación dos gastos e subvencións electorais atenderase ao disposto no artigo 175 da presente lei orgánica, coas seguintes modificacións:

1.º As cantidades previstas no número 1 para subvencionar os gastos que orixinen as actividades electorais reduciranse, en función dos votos e escanos obtidos por cada candidatura, nun trinta por cento.

2.º O límite dos gastos electorais previsto no número 2 reducirase nun cincuenta por cento. As porcentaxes de gasto previstas no número 3 do artigo 55 e no número 1 do artigo 58 entenderanse referidas a este límite reducido.

3. Decláranse de urxencia os contratos que deban celebrar os órganos de contratación da Administración xeral do Estado con competencia na materia, calquera que sexa a súa contía, vinculados coa celebración das eleccións a Cortes Xerais cando estas fosen convocadas en aplicación do número 5 do artigo 99 da Constitución. A estes contratos seralles de aplicación o réxime excepcional regulado no artigo 113 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.»

Disposición adicional única.

Os partidos, federacións e coalicións que promovan candidaturas impulsarán un acordo para reducir ao máximo os gastos electorais derivados da publicidade exterior de carácter comercial para o suposto dunha convocatoria electoral como consecuencia do suposto previsto no número 5 do artigo 99 da Constitución.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 31 de outubro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY